

LIGA GALEGA DE NATACIÓN INFANTIL

Tempada 2016 - 2017. Circular 16-13.

1.- Organización, datas e sedes

- 1.1.- A liga galega categoría Infantil celebrarase en catro xornadas, segundo a distribución "xeográfica" do anexo o final do presente regulamento.
- 1.2.- Cada xornada levarase a cabo nunha sesión, que comezará ás 11.00 horas se é matinal e ás 17.00 horas se se celebra pola tarde.
- 1.3.- Polo menos unha hora e media antes do inicio de cada sesión, a piscina deberá estar a disposición dos nadadores para efectuar o quecemento.
- 1.4.- As datas de celebración serán as que figuran no calendario de natación para presente tempada.
- 1.5.- A competición celebrarase en piscinas de 25 ou 50 m, a excepción da primeira xornada que se disputara obrigatoriamente en piscina de 25.

2.- Programa de probas

1ª xornada	2ª xornada	3ª xornada	4ª xornada
1. 400 Estilos mas	1. 400 Libre fem	1. 400 Estilos mas	1. 400 Libre fem
2. 400 Estilos fem	2. 400 Libre mas	2. 400 Estilos fem	2. 400 Libre mas
3. 50 Libre mas	3. 100 Costas fem	3. 50 Libre mas	3. 100 Costas fem
4. 50 Libre fem	4. 100 Costas mas	4. 50 Libre fem	4. 100 Costas mas
5. 100 Bolboreta mas	5. 200 Estilos fem	5. 200 Costas mas	5. 200 Estilos fem
6. 100 Bolboreta fem	6. 200 Estilos mas	6. 200 Costas fem	6. 200 Estilos mas
7. 200 Costas mas	7. 100 Libre fem	7. 1500 Libre mas	7. 100 Libre fem
8. 200 Costas fem	8. 100 libre mas	8. 200 Braza fem	8. 100 libre mas
9. 1500 Libre mas	9. 200 Bolboreta fem	9. 200 Braza mas	9. 200 Bolboreta fem
10. 100 Estilos fem	10. 200 Bolboreta mas	10. 100 Bolboreta fem	10. 200 Bolboreta mas
11. 100 Estilos mas	11. 100 Braza fem	11. 100 Bolboreta mas	11. 100 Braza fem
12. 200 Braza fem	12. 100 Braza mas	12. 200 Libre fem	12. 100 Braza mas
13. 200 Braza mas	13. 800 Libre fem	13. 200 Libre mas	13. 800 Libre fem
14. 200 Libre fem	14. 4X100 Libre mas	14. 4X100 Estilos mixtos	14. 4X100 Libre mixto
15. 200 Libre mas	15. 4X100 Libre fem		
16. 4X100 Estilos fem			
17. 4X100 Estilos mas			

Realizarase un descanso de cinco minutos antes das probas de remudas.

3.- Participación

3.1.- O presente regulamento está destinado ás seguintes categorías:

Masculino: nenos nados nos anos 2001-2002

Feminino: nenas nadas nos anos 2002 - 2003

3.2.- Cada nadador poderá participar en dúas probas individuais e unha remuda como máximo en cada xornada.

3.3.- Cada clube poderá inscribir o número de nadadores que desexe en cada proba, coas seguintes excepcións:

- Nas probas de 400 libre e 400 estilos, o número máximo de nadadores por clube será de 6 por proba.
- Nas probas de 800 libre e 1500 libre o número máximo de nadadores por clube será de 5 por proba.
- 3.4.- Cada clube poderá presentar os equipos de remudas que desexe en cada xornada.
- 3.5.- Os equipos de remudas mixtos estarán compostos por dous nenos e dúas nenas, e ponderan nadar na orde que cada clube considere oportuna.

4.- Inscripcións

- 4.1.- Realizaranse a través do SDP e a acta de preinscripción que o propio programa xera en formato PDF será remitida á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org).
- 4.2.- As inscricións deberán acharse en poder da FEGAN antes das 20.00 horas do martes anterior á celebración da xornada correspondente, sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción.

5.- Fórmula de competición

- 5.1.- Todas as probas serán disputadas contra o reloxo.
- 5.2.- A puntuación realizarase na sede da FEGAN, a partir da clasificación xeral da liga.
- 5.3.- A puntuación nas probas individuais será segundo puntos da táboa FINA.
- 5.4.- A puntuación nas probas de remudas será: 203, 200, 198, 197.....
- 5.5.- No suposto de que un clube teña clasificados máis de tres nadadores na mesma proba, só puntuarán os tres primeiros. Os clasificados despois non serán puntuados. Do mesmo xeito, nas probas de remudas terase en conta para os efectos de puntuación, dous equipos por clube, corréndose o dereito a puntuación á seguinte na clasificación que non sexa dese mesmo clube.

6.- Resultados e clasificacións

- 6.1.- Os resultados xerais como as clasificacións serán realizados na FEGAN, para o cal os clubes organizadores deberán remitir os resultados de cada sede á FEGAN o máis axiña posible, como máximo deberán estar na federación o martes seguinte á celebración da competición.
- 6.2.- Os resultados de cada sede remitiranse á FEGAN a traveso do correo electrónico resultados@fegan.org e tamén ao correspondente correo electrónico de cada un dos clubes participantes.
- 6.3.- Realizaranse as seguintes clasificacións:
 - a) Clasificación masculina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas masculinas.
 - b) Clasificación feminina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas femininas.
 - c) Clasificación total. Total puntos da suma da clasificación masculina, feminina e máis os puntos das probas mixtas (se existir).

7.- Títulos e premios

- 7.1.- Entregarase un trofeo ao clube que acadase a maior puntuación, atendendo o punto c) do artigo 6.3 do presente regulamento, sendo proclamado Campión da Liga Galega de Natación Infantil.

8.- Reclamacións

Nas competicións de natación de carácter territorial pero con varias sedes, a Comisión de Competición estará formada por:

- O Secretario Xeral da FEGAN.
- Un representante dos Clubes participantes, elixido por sorteo.
- Un representante dos adestradores, elixido por sorteo de entre os pertencentes aos clubes participantes.
- O Xuíz Árbitro da Competición.
- Unha persoa designada pola FEGAN que non coincida coas anteriores.

O sorteo dos compoñentes desta Comisión de Competición, celebrarase ao inicio da tempada, en data e hora que será anunciada con antelación, na sede da FEGAN, e antes do comezo das competicións.

A reclamación presentarase, como máximo, ata 48 horas despois de resolta a reclamación previa presentada ao xuíz da competición.

A reclamación resolverase, por parte da Comisión de Competición, como máximo 48 horas despois de ter coñecemento dela.

RECLAMACIÓNS DE RESULTADOS

Calquera reclamación contra os resultados non se poderá levar a cabo logo de pasadas 48 horas dende a súa publicación definitiva.

Anexo. Distribución de clubes

Grupo A	Grupo B	Grupo C
CN Monforte	Club Fluvial Lugo	CN Arteixo
CN Pabellón	CN Portamiña	AD Fogar
CN Pontearreas	CN Xove	C del Mar
CN Redondela	CN Cedeira	CN Coruña
CN V Rias Baixas	CN Ferrol	CN Liceo
RCN Vigo	C Marina Ferrol	CAD Triatlón Oleiros
CN Galaico	ADN Narón	CD Cid Santiago
CN Sanxenxo		
CN Salnes		
CN Riveira		
CN Villagarcía		
CN Arzúa		

A Coruña, 22 de xullo de 2016

Secretaría Xeral FEGAN